

**ACTA N.º 5/2014**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE ABRIL DE 2014**

**ASUNTOS**

- I.- **CUESTIÓN PREVIA**  
**ELECCIONS A DEPUTADOS AO PARLAMENTO EUROPEO DO 25-05-2014 SORTEO DE COMPONENTES DAS MESAS ELECTORAIS**
- II.- **PARTI RESOLUTIVA**  
**II.1.- ACTA ANTERIOR**  
**II.2.- REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO**  
**II.3.- REXEITAMENTO DA SUPRESION DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES EN GALICIA**  
**II.4.- REAPERTURA DA RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PATOS (PANXÓN)**  
**II.5.- CUMPRIMENTO ANTICIPADO E REMATE DO "PLAN DE SANEAMENTO 2009-2015"**  
**II.6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEÍCULOS AO TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEÍCULOS E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS DE CALQUERA CLASE**  
**II.7.- ASIGNACIÓN DE FONDOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS**  
**II.8.- MOCIÓN DE URXENCIA: COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES**
- III.- **CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO**  
**III.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á:**  
*III.1.1 - Servizos para Servizos Sociais*  
*III.1.2 - Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de modificación da composición da Xunta de Goberno Local e das Delegacións de Alcaldía*  
*III.1.3.- Adhesión á Sección de Concellos con Intereses Turísticos*  
**III.2.- PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2015/2017**  
**III.3.- ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

**Grupos:**

**Alcalde-Presidente:**

- PP

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos  
- D.ª Liliana Silva Pequeño  
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorjeto  
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.ª M.ª José Pino Fernández  
- D. Antonio Souto Martínez  
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte  
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:
  - D.ª Ana Pérez Pérez
  - D. Xavier Rodríguez Fernández
  - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito.
  - D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 28 de abril de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 13:40.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

#### **Incidentes:**

- a) Alteracións no quórum de asistencia: Non se produciron
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

#### **1- CUESTIÓN PREVIA**

#### **ELECCIÓN A DEPUTADOS AO PARLAMENTO EUROPEO DO 25-05-2014: SORTEO DE COMPONENTES DAS MESAS ELECTORAIS**

Realízase o sorteo mediante a utilización do programa "Conoce" facilitado pola Oficina do Censo Electoral. A continuación o funcionario encargado do proceso informático, D. Manuel Fernández Comesaña, procede á lectura pública dos resultados, que tamén se imprimen e se incorporan ao expediente da sesión.

## II.- PARTE RESOLUTIVA

### II.1.- ACTA ANTERIOR

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 27 de marzo de 2014*

Preguntado o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, intervén:

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: No apartado 3.2 de rogos e preguntas, na súa intervención onde di: "Con respecto aos comercios do entorno, vostede citaba a unha persoa que lle presentou a súa conformidade"; debe dicir: "Con respecto aos comercios do entorno, vostede citaba a unha persoa que lle presentou a súa disconformidade".*

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación, deixándose constancia da corrección citada.

### II.2.- REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21/04/2014, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

Asunto: Regulamento de xestión do punto limpo do Concello de Nigrán  
Expte. nº. 2014/0025

A Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas levou a cabo a construción dun punto limpo en Nigrán

O proceso de posta en servizo da referida instalación require diversas actuacións administrativas, entre elas, a de dotar ao servizo correspondente dunha disposición que regule o seu funcionamento.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta as determinacións que se conteñen na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais disposicións aplicables, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobado inicialmente o Regulamento de xestión do punto limpo do concello de Nigrán.

**SEGUNDO.-** Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en consecuencia, someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, no que poderán presentarse reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente elevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Presidencia."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Presenta o asunto e alude ao trámite a seguir.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* No que se refire aos usuarios, a preferencia aos veciños, admitiría un matiz referido a incluír tamén ás persoas que, aínda non estando empadronadas, teñan propiedades en Nigrán e así o acrediten mediante copia do recibo do IBI. No que se refire aos residuos que se poden depositar, ten dúbidas sobre as cubertas de molos, vehículos, bicicletas, que nalgúns puntos limpos si se contempla, aínda que poida limitarse o número de unidades por día

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai que ter en conta a capacidade desta instalación. Trátase de establecer un marco xeral que pode ir adaptándose en función da experiencia, sen prexuízo dos cambios que se introduzan a raíz do trámite de información pública.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16, PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **11.3.- REXEITAMENTO DA SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES EN GALICIA**

*A) Ditame da Comisión*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21/04/2014, acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo Grupo Socialista:

**\*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno ven de anunciar a supresión dos Partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar ós xuíces nas capitais provinciais e crear Tribunais de instancia. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados.

A unha cidadanía espallada no territorio, debe corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais veñen dando resposta á lixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, só a cambia de lugar. Pero crea outros problemas ós profesionais da xustiza, funcionarios, avogados, procuradores, ás entidades auxiliares, ós concellos, e sobre todo ós cidadáns.

Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Cívís. Agora propónse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.

O Goberno promulgou unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garante o artigo 24. 1 da Constitución Española.

En consecuencia formulase a seguinte Moción para o seu debate no Pleno:

O Pleno do Concello de Nigrán insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento do Partido Xudicial de Vigo".

**B) Emenda do Concelleiro D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto, referida á parte dispositiva do acordo:**

En consecuencia, solicítase do Pleno do Concello de Nigrán a adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle a retirada do Anteproyecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros, que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.

**SEGUNDO.-** Instar á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento do Partido Judicial de Vigo."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Neste caso, trátase de defender aos veciños de Nigrán do prexuízo que se lles ocasionaría. Aceptan a emenda anunciada na Comisión.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Coa emenda tratou de facer unha aportación adicional, involucrando ao goberno do Estado no tema do Tribunal de instancia de ámbito provincial, que é unha mostra máis da vontade de reforzamento da provincia.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Coincide coa filosofía da moción, aínda que pode escapar á competencia municipal trata dunha cuestión que prexudica aos nosos veciños.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Comparte o acordo proposto na emenda.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, Mixto e non adscrito.
- Votos en contra: Ningun.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, aceptando a emenda ao ditame da Comisión, adopta acordo nos seguintes termos:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno ven de anunciar a supresión dos Partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar os xulces nas capitais provinciais e crear Tribunais de instancia. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados.

A unha cidadanía espallada no territorio, daba corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais veñen dando resposta á lixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, só a cambia de lugar. Pero crea outros problemas ós profesionais da xustiza, funcionarios, avogados, procuradores, ás entidades auxiliares, ós concellos, e sobre todo ós cidadáns.

Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Cívís. Agora propónse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.

O Goberno promulgou unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garantira o artigo 24. 1 da Constitución Española.

### **ACORDO.**

**PRIMEIRO.-** Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle a retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros, que inclúa unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.

**SEGUNDO.-** Instar á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento do Partido Xudicial de Vigo.

### **(I.4.- REAPERTURA DA RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PATOS (PANKÓN))**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21/04/2014, acordou dictaminar

favorablemente a seguinte moción presentada polo Grupo Socialista:

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia von da comunicar o peche da Residencia de Tempo Libre de Patos en Nigrán durante 8 meses ao ano, deixando sen traballo a 36 familias, moitas de elas de este municipio e pechando un referente e motor económico en Panxón e en Nigrán.

O Deputado do PSdeG-PSOE, e veciño de Panxón, Manel Gallego Lomba presentou unha iniciativa Parlamentaria para que a Xunta garanta a volta á actividade dunhas instalacións "privilexiadas" pero que foi rexeitada polo PP no Parlamento de Galicia.

A Secretaria Xeral da Consellería de Traballo e Benestar xunto coa Directora de centros e o subdirector xeral, informou que a previsión de apertura para este ano 2014 será de catro meses efectivos de traballo, xuño, xullo, agosto e setembro e a data de hoxe a residencia de Tempo Libre de Panxón so ten asegurada unha contratación de 4 meses para os 36 traballadores, tanto para os fixos descontinuos como para os temporais.

Os traballadores/as e os veciños e veciñas de Nigrán agardan a implicación do goberno do PP de Nigrán para mediar ante o goberno galego para promover e recuperar a actividade dunha residencia pública e impedir o peche da Residencia.

Dende o Partido Socialista e dende o colectivo de traballadores da Residencia de Tempo Libre somos coñecedores da existencia de solicitudes de colectivos para o mes de maio en Patos e a contestación que se lle está a dar aos mesmos dende a Xunta é negativa, dicindo que está fechada, sen darlle opción á reserva noutras dalas pola previsión de fechar Patos a finais de setembro.

A Residencia de Tempo Libre de Patos debe converterse nun centro de traballo e turismo social durante todo o ano, así como un centro de referencia nun paraxe natural como este. Trátanse dunhas instalacións situadas nun entorno inmejorable e con demanda suficiente para manterse aberta durante os doce meses. Esta situación amais unha caída considerable na actividade no concello de Nigrán e o seu entorno provocando perdas económicas para o comercio local e a hostalería, mentres o goberno local permanece inexplicablemente impasible.

Esta claro que este é un problema que está afectando a moitos miñoranos e sobre todo a moitos veciños e veciñas de Nigrán, polo que cumpre dende esta, a administración máis próxima ao cidadán, SOLICITAR:

1. Solicitar á Xunta de Galicia a reapertura da Residencia de Tempo Libre de Patos ao longo de todo o ano, garantindo o traballo das 40 familias dependentes do seu funcionamento.
2. Traballar de xeito conxunto coa Xunta de Galicia para por en valor a Residencia de Tempo Libre de Patos e convertela nun centro de traballo e turismo social durante todo o ano, así como un centro de referencia nun paraxe natural que ocupa.
3. Comunicar aos traballadores/as de este Centro o apoio da Corporación de Nigrán nas súas

xustas reivindicacións.

4. Comunicar á Presidencia da Xunta de Galicia a decisión adoptada polo Pleno da corporación de Nigrán "

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Explica as razóns da moción e os prexuízos que se derivan dese peche. Deben buscarse fórmulas para a súa viabilidade. Lé a parte dispositiva da proposta.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* O BNG posicionouse a favor no Parlamento de Galicia. O principal é buscarlle contido, e haino, para que poida funcionar.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Apoiarán a moción. Afecta a unhas 40 familias que terán problemas laborais pola estacionalidade. Preténdese homologala coa de Carballiño, cando teñen notables diferencias. É unha instalación prestixiosa e favorece o turismo e o bo nome da Nigrán. Propón acordar dirixirse á Consellería de Traballo e Benestar Social, en lugar da referencia xenérica que se fai á Presidencia Xunta.

*Sr. Alcalde-Presidente.* Xa se lle dixo ás instancias competentes da Xunta que sobran contidos que darlle. Apoian a moción, asumindo que ten tamén repercusión no emprego dos veciños Nigrán que se esta instalación se integre nos programas de turismo familiar.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, Mixto e non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## **II.5.- CUMPRIMENTO ANTICIPADO E REMATE DO "PLAN DE SANEAMENTO 2009-2015"**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de abril de 2014, informa favorablemente o expediente do cumprimento anticipado e remate do "plan de saneamento 2009 -2015", ca seguinte proposta da Alcaldía:

Considerando que o Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 6.07.08 acordou acollerse ao establecido no Título I do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos, RDMEU, publicado no BOE número 101, do 25.04.09



Considerando que na sesión plenaria citada aprobouse unha operación extraordinaria de endebedamento por importe de 1.510.820,39 euros así como un "Plan de saneamento 2009-2015".

Considerando que o día 14.07.09 asinou-se o contrato da operación extraordinaria de endebedamento por importe de 1.510.820,39 euros.

Considerando que o Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 29.07.08 aprobou un recoñecemento extraxudicial de créditos por importe total de 1.510.820,39 euros; efectuando os correspondentes pagos no ano 2008.

Considerando que o Concello de Nigrán acadou os obxectivos do "Plan de saneamento 2009-2015" antes do ano de remate do Plan citado, o que permitiu amortizar íntegramente no ano 2013 o importe total pendente do préstamo citado.

De conformidade co establecido no artigo 9.1 do RDMEU;

#### **"Artículo 9. Ejecución del Plan de Saneamiento Financiero.**

**1. El ahorro que pudiera obtenerse en la liquidación de los presupuestos, en cada uno de los años de vigencia del plan, excluidos los ingresos afectados a una finalidad concreta, se podrá aplicar, parcial o totalmente, a la amortización anticipada de la operación de endeudamiento, reduciendo así el plazo inicial de saneamiento aprobado o el importe de la anualidad".**

**Propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Declarar cumpridos anticipadamente os obxectivos do "Plan de saneamento 2009-2015" aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8.07.08, e dar por rematado o Plan citado ao abeiro do establecido no artigo 9.1 do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos (BOE número 101, do 25.04.09)

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, así como ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto Garcia Pazos, Concelleiro delegado:* Pátese dun acordo histórico que puxo en marcha este plan. O desenvolvemento del permitiu facerlle fronte ás obrigas adquiridas, salvo determinados casos de prescripción. Foi un acordo case unánime e moi positivo. O préstamo que se pediu xa foi amortizado e iso marca a proposta para un tempo novo. Non se debe esquecer a ensinanza de que é necesario realizar unha xestión eficiente.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* É bo chegar a este momento. Cando gobernaba o PSOE-BNG púxose en marcha este plan, aínda sabendo da dificultade de que todos o entendesen. Tamén foi asumido polo PP, conscientes todos da situación económica difícil que se atravesaba. Esa situación cambiou substancialmente para ben e a evolución así o acredita. Satisfácelle que se chegue a este resultado. O mérito tamén é dos cidadáns que sufriron os sacrificios correspondentes. Pide que no futuro se siga por esta liña.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* No fondo está de acordo. O BNG apoiou este plan no seu momento, agora alégrase de aprobar a súa liquidación. Foi unha ferramenta útil. Votará a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O Concelleiro de Facenda falou de erros do PP no pasado. Como responsable entón do Partido Independente quere deixar constancia de que non tivo nada que ver con aquel comportamento. Non apoiaron o plan de saneamento, pero si o recoñecemento de créditos que se aprobou no seu momento. Felicita ao departamento económico polo traballo feito. Houbo algúns incumprimentos en materia de gratificacións ou Galescola. As desconformidades deles obedecía, no tema da carencia, a que encarecía o custe do préstamo. En xullo de 2013 o Pleno decidiu amortizar ese préstamo. Isto foi o que realmente permitiu rematar o plan. O Alcalde, ao presumir diso, chega tarde. Non apoiará a proposta, por coherencia.

*Sr. García Pazos:* Non está de acordo co Sr. Fernández Comesaña. Non pasa nada por recoñecer os fallos de membros do propio partido.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase dunha cuestión de supervivencia e aprobalo, no seu día, era unha cuestión de sensatez. Cambiouse unha forma de facer as cousas, na que as responsabilidades poden estar repartidas. Está orgulloso de traer agora esta proposta. Non hai que temer ou criticar ao propio partido.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto e Sr. Vías González, non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- O Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto, manifesta que non vota.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## **II.6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

*A) Ditame da Comisión Informativa:*

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de abril de 2014, informa

favorablemente o expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP número 248, do día 28.12.12).

Visto o expediente administrativo referido á modificación da ordenanza fiscal antes citada, comezado mediante unha providencia desta Alcaldía, do día 27.11.13 (páxinas 1 e 2 do expediente administrativo).

Visto o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 28.11.13 (páxinas 4 e 4 volta do expediente administrativo).

Vista a proposta presentada polo Concelleiro don Antonio Fernández Comesaña (páxina 21 do expediente administrativo).

Considerando preciso modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP número 248, do día 28.12.12) variando a denominación de beiravías pola máis adecuada de beirarrúas, variando parcialmente a redacción dos artigos 1 e 2; simplificando a redacción da ordenanza fiscal, reducindo nun 20 por 100 o importe das cuotas dos apartados a) e b) do artigo 5 con respecto ás indicadas nunha providencia da Alcaldía do día 27.11.13 (páxinas 1 e 2 do expediente administrativo), engadindo dous novos apartados (4 e 5) no artigo 5.a) referidos ás estacións de servizo e ás grandes superficies comerciais, e variando parcialmente a redacción do artigo 7.

Esta Alcaldía, **acorda:**

**Primeiro.-** Continuar coa tramitación do expediente administrativo referido á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

**Segundo.-** A denominación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase, será:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase

**Terceiro.-** O artigo 1 da ordenanza fiscal terá a seguinte redacción:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española

(CE), e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 27 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa por entrada de vehículos ao través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

**Cuarto.-** O artigo 2 da ordenanza fiscal terá a seguinte redacción:

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos a través de beirarrúas e a reserva da vía pública para aparcamentos exclusivos, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

**Quinto.-** O artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase terá a seguinte redacción:

**Artigo 5.- Cuota tributaria.**

Concepto	Euros
<b>a) Entradas ao través de beirarrúas:</b>	
1.- Entrada a establecementos industriais ou comerciais, metro lineal/ano	39,76
2.- Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de vivendas, metro lineal/ano	
a) Até 3 vehículos	7,95
b) Entre 4 e 10 vehículos	39,76
c) Entre 11 e 20 vehículos	55,66
d) Entre 21 e 30 vehículos	71,11
e) Máis de 30 vehículos	82,97
3.- Entrada a talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicos (Euros/ano)	79,51
4.- Estacións de servizo (Euros metro lineal/ano)	35,00
5.- Grandes superficies comerciais (euros/praza/ano)	5,00
<b>b) Entradas sen beirarrúas para as que se solicite reserva exclusiva de espazo para entrada de vehículos:</b>	
1.- Entrada a establecementos industriais ou comerciais, metro lineal/ano	19,88
2.- Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de vivendas, metro lineal/ano:	
a) Até 3 vehículos	3,97
b) Entre 4 e 10 vehículos	19,88
c) Entre 11 e 20 vehículos	27,84
d) Entre 21 e 30 vehículos	35,57



e) Máis de 30 vehículos	41,50
3.- Entrada a talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos, que non se dediquen a garaxes públicos (Euros/ano)	39,76

c) Por reserva da vía pública para estacionamento exclusivo, e carga e descarga de mercadorías (m2/ano):	36,66
--	-------

O importe máximo a liquidar pola reserva da vía pública para estacionamento exclusivo, a carga e descarga de mercadorías será de 250,00 Euros/ano.

**d) Aparcamentos abertos ao público (Euros/ano):**

a) Ata 100 prazas de vehículos	500,00
b) Entre 101 e 200 prazas de vehículos	1.000,00
c) Entre 201 e 300 prazas de vehículos	1.500,00
d) Entre 301 e 400 prazas de vehículos	2.000,00
e) Máis de 400 prazas de vehículos	2.500,00

e) Cada placa de vado permanente: excluídas ás do apartado a) que serán gratuítas:	25,00
--	-------

**Sexto.-** O artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beirarrúas e reservas da vía pública para estacionamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase terá a seguinte redacción:

**Artigo 7.- Período impositivo e devengo.**

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.
2. Devéngase a taxa o día 1 de xaneiro de cada ano.
3. As altas no padrón surtirán efectos no primeiro día do semestre natural seguinte á solicitude, e notificaranse individualmente ao interesado
- 4.- As baixas no padrón deberanse solicitar expresamente polo suxeito pasivo, que deberá entregalas no rexistro xeral do Concello, adoptándose e notificándose o acordo correspondente que terá especialmente en conta a normativa urbanística aplicable; baixas que producirán efectos no padrón do exercizo seguinte ao do ano da solicitude de baixa.
- 5.- De ser acordada a baixa no padrón, o interesado deberá entregar no Concello a placa de vado dentro dos cinco días seguintes ao de recepción da notificación do acordo correspondente; podendo, no seu caso, o Concello eliminar o rebaixe na beirarrúa, colocar bolardos ou algún mobiliario público urbano ou instalación municipal compatible co uso da beirarrúa.
- 6.- Nos supostos de nova ou posterior solicitude de entrada de vehículos ao través de beirarrúas, serán integramente a conta do solicitante os importes que, no seu caso,

procedan polos gastos ocasionados ao Concello polas obras de rebaixa de beirarrúa, pola retirada de bolardos ou de calquera outra instalación ou mobiliario público urbano da beirarrúa.

**B) Emenda presentada por D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:**

1.- Con carácter xeral substituír a frase "ao través de beiravías", por "a través das beirarrúas", empezando polo nome da ordenanza.

2.- Ao artigo 5 Cuota tributaria. Propónse a seguinte modificación:

**a) Entrada a través de beirarrúas:**

1.- Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de vivendas, metro lineal/ano:

- a) Até 3 vehículos. 6,-€
- b) Entre 4 e 10 vehículos. 20,-€
- c) Entre 11 e 20 vehículos. 35,-€
- d) Máis de 20 vehículos. 50,-€

2.- Entrada a establecementos comerciais, talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicos, metro lineal/ano. 25,-€

3.- Estacións de servizo ou de revisión vehículos, metro lineal/ano. 35,-€

4.- Superficies comerciais, edificios administrativos, naves industriais, exposición, venta ou aluguer vehículos, Hotels, Residencias, Restaurantes, praza/ano. 5,-€

**b) Entradas sen beirarrúas para as que se solicite reserva exclusiva de espazo para entrada de vehículos:**

1.- Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de Vivendas, metro lineal/ano:

- a) Até 3 vehículos. 3,-€
- b) Entre 4 e 10 vehículos. 10,-€
- c) Entre 11 e 20 vehículos. 18,-€
- d) Máis de 20 vehículos. 25,-€

2.- Entrada a establecementos comerciais, talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicos, metro lineal/ano. 13,-€

3.- Estacións de servizo ou de revisión vehículos, metro lineal/ano. 18,-€

4.- Superficies comerciais, edificios administrativos, naves industriais, exposición, venta ou aluguer vehículos, Hotels, Residencias, Restaurantes, praza/ano. 3,-€



c) Aparcamentos abertos ao público, praza/ano. 5.-€

d) Por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, e carga e descarga de mercadorías, m<sup>2</sup>/ano. 30,-€

e) Cada placa de vado permanente; excluídas ás do apartado a) que serán gratuítas, unidade. 25.-€

Artigo 7.- Período impositivo e devengo.

3.- As altas no padrón surtirán efectos no primeiro día do semestre natural seguinte a solicitude ou alta de oficio, e notificaranse individualmente ao interesado.

**Delliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, Concelleiro delegado:* O rectificar é intelixente. Cando se modificou a ordenanza na ocasión precedente, non se acertou ao coler o exemplo de Baiona. O problema partiu das dimensións das entradas que non se corresponden coas estimadas en principio. Trátase de corrixir ese erro de cálculo. En todo caso, serviu para detectar unha bolsa de usuarios que non contribuían. A recadación destinarase ás beirarrúas. Prevese unha redución para o tramo de vivendas con menos capacidade de albergar vehículos; tamén hai outros axustes. A proposta do Sr. Fernández Comesaña pode asumirse aínda que puido presentala na Comisión.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Coas achegas de todos está claro que se acadan resultados máis xustos. A nova proposta axústase mellor á nosa realidade.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Foi crítico coa redacción inicial, aínda que era positivo pagar por metro e non unha contía fixa. Disentiu do incremento espectacular para as vivendas unifamiliares e das vantaxes para os aparcadoiros abertos ao público. No caso das comunidades parece máis lóxico pagar por vehículos e non por tramos. As medicións da empresa foron máis que discutibles. Aprecia as achegas que se fan para corrixir cesequilibrios.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* O PP abandona a súa postura anterior intransixente. Hai que escoitar as propostas razoables da oposición. Nalgúns casos a subida demostrouse que era brutal. E no 2013 e 2014, haberá que pagala. A modificación mellora a situación inicial. A súa emenda pensa que contribúe a incrementar esa mellora, simplificando a estrutura da ordenanza, e exéitase a casuística á realidade municipal, pensando tamén nas actividades de Porto do Molle. E tamén se clarifica a existencia ou non beirarrúas e as reservas de aparcamento. Tamén se contemplan as altas de oficio e o seu réxime. Axústase o prazo do tramo de vivendas unifamiliares, que son as máis frecuentes.

*Sr. García Pazos:* Os ingresos estarían ao redor de 90.000 € e servirán para reparar beirarrúas. Pero tamén hai outros gastos aos que facerlle fronte, como os das sentenzas que obrigan ao pago de intereses de demora, que ascenden a uns 200.000 €.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Partíuse dunha ordenanza inicial, cunha estrutura moi deficitaria.

Agora axústanse tamén os importes, porque sabemos cales son as consecuencias de levalos á realidade. Deste xeito podemos facer axustes razoables.

*Sr. Fernández Comesaña:* Está de acordo con que se actualicen os padróns, pero iso é independente da modificación da ordenanza. Por outro lado, é un contrasentido que se lle estea negando o vao a quen pague o paso. Sobre alusión ás sentenzas, recaen en todos os gobernos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* As resolucións da Alcaldía van avaladas cos informes técnicos. Detectáronse 211 casos de actividades que estaban mal catalogadas, ao figurar como vivenda e non serlo. Na taxa de lixo pasa isto tamén, por iso se prevé unha revisión da estrutura da mesma. Estase traballando niso.

*Sr. González Pérez:* A proposta do goberno aínda que polda mellorarse responde ás expectativas. Sobre a emenda, pensa que non se debe alterar o que está na proposta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que trataban é de buscar un consenso amplo. Nigrán cobrará menos que os Concellos do contorno.

*Sr. González Pérez:* Si aceptarían o de pasar aos 6 € a das vivendas unifamiliares

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vitas González, non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar inicialmente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa, coas modificacións contidas na emenda do Sr. Fernández Comesaña.

## **II.7.- ASIGNACIÓN DE FONDOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de abril de 2014, informa favorablemente o expediente da asignación de fondos afectados por expropiacións para o financiamento de investimentos, co seguinte proposta de Tenencia de Alcaldía:

Tendo en conta que coa finalidade de contar con crédito específico, adecuado, dispoñible e en cantía suficiente para a realización de investimentos financiados con ingresos pendentes de aplicar ao orzamento xeral.

De conformidade co indicado nun informe do Interventor Xeral neste Concello, do día 15.04.2014 .



Esta Tenencia de Alcaldía, propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Asignar os ingresos pendentes de aplicar ao orzamento xeral (actualmente prorrogado) procedentes de expropiacións diversas de patrimonio municipal que figuran na contabilidade non orzamentaria do Concello de Nigrán, para financiar investimentos según o seguinte detalle:

- Acceso punto limpio (terreos)	74.996,49 €
- Acceso punto limpio (obras)	55.930,81 €
- Obras de urbanización S.A.U. - 3 (1ª fase)	65.131,80 €
- Obras de saneamentos (para completar aportación municipal Convenio Xunta)	25.000,00 €
- Obra vestiarios das instalacións deportivas de Condominguez (En trámite subvención do excoecución de infraestruturas de uso público - D.O.G. num. 65 do 03/04/2014)	50.000,00 €
- Obra en camiño Poutón (San Pedro) (Reposición de asfaltado e pluviais)	21.705,51 €
<b>TOTAL</b>	<b>292.764,61 €</b>

**Deliberación.- Síntese das intervencións.**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Explica os importes recibidos e os deslínos previstos para ese diñeiro. Hai informe da enxeñeira municipal.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* A proposta do PSOE vai na liña de comprar terreos, construír o almacén municipal e aforrar o aluguer excesivo que se está pagando. As obras propostas tamén son necesarias, pero pensan que a prioridade é a do almacén

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* A documentación que se lles facilitou non inclúe obras coma as do S.A.U.-3, entre outras

*Sr. Alcalde-Presidente:* É necesario dotar de acceso ás instalacións públicas da depuradora e punto limpo. A negociación coa Zona Franca farase para chegar ao mellor resultado. A cifra de consignación fíxose en base a unha opción de compra presentada no seu día. Pensa que a negociación pode dar un resultado máis favorable para o Concello.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Coa Zona Franca haberá que tratar de dialogar e ter en conta que iso tamén pode ser idóneo para outros casos. Tamén concorda coa necesidade comentada de dispor dunha nave municipal. No acceso ao punto limpo, o ancho actual do camiño tamén pode ser idóneo se se sinala unha dirección única. Isto permitiría non demorar a súa posta en funcionamento. No tema do S.A.U.-3 hai moitos problemas, e debe terse en conta como vai acabar, dada a oposición do banco fiador. O camiño do Poutón xa se puido facer con fondos do orzamento. Cos vestiarios de Condominguez tamén pode pasar que non se consiga a subvención. Ademais, pregunta se as obras están amparadas pola legalidade urbanística, dado que unha ampliación sería discutible nunha obra que posiblemente estea fóra de ordenación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A de Condominguez sería unha ampliación mínima, pero hai que ter en conta as normas subsidiarias. Polo almacén págase algo semellante, aos alugueres

separados anteriores. Non se di onde se construíría o novo, nin canto custaría. O punto limpo ten un problema de acceso, pola falta de titularidade municipal dos terreos. Na cuestión do S.A.U.-3 hai un aval e una situación consolidada de ocupación ilegal, acompañada da demanda de servizos. O Banco avalista reclamou e hai que resolver esta cuestión. Tamén hai que clarear o réxime das edificacións e o estado da urbanización. Hai que reparar os servizos básicos e pór en marcha a regularización, sen prexuízo da incautación. No de Condominguez, trátase de conseguir a subvención e reparar unhas instalacións en moximal estado, con moitos usuarios, entre eles nenos. No camiño do Poutón a curto prazo preténdese de facer o básico.

*Sr. González Pérez:* Se hai vontade pode buscarse un lugar e unha consignación para o almacén. Os investimentos propostos tamén son necesarios.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está disposto a iniciar un proceso de consenso sobre o almacén.

*Sr. Rodríguez González:* No S.A.U.-3 hai que ir pola incautación da fianza para non cargar ao Concello cos incumprimentos dos promotores. Zona Franca debería compensar ao Concello polo espolio que levou a cabo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* No S.A.U.-3 defenderase a incautación por todos os medios. Coa Zona Franca existe un contencioso, por entender que non cumpriu co pactado.

*Sr. Fernández Comesaña:* No tema do S.A.U.-3 é chamativo o impreciso do orzamento. Tamén se podía incluír no orzamento municipal, ao igual que outras propostas singulares que se están traendo ao Pleno. O polígono é a zona idónea para unha futura nave. O certo é que nos falta espazo.

**Votación e acordo.** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e Sr. Vilas González, non adscrito.
- Votos en contra: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## **II.8.- MOCIÓN DE URXENCIA, SOBRE A COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

*Formulada por D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:*

Texto:

En el plenu municipal de 26 de septiembre de 2013, mediante escrito del Grupo Municipal Popular del 23-09-1013, registro de entrada 12.390, se tomó conocimiento del pase a no adscrito del concejal D. Ignacio Vilas González, así como de la repercusión en la composición de las comisiones informativas permanentes. Este hecho dejó al partido popular sin la mayoría absoluta en el pleno municipal

En el pleno del pasado 27 de marzo, se trató una iniciativa del Grupo Socialista con la finalidad de que la composición de las comisiones informativas se adaptase a la mayoría representada en el pleno municipal. Descartándose la posibilidad de que el concejal no adscrito D. Ignacio Vilas González estuviere representado en todas las comisiones informativas en detrimento de un miembro del Grupo Popular porque se vulneraría la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local, que establece que los derechos económicos y políticos de los concejales no adscritos no podrán ser superiores a los que le correspondiesen de permanecer en el grupo de procedencia. Mediante votación y con el voto de calidad del Alcalde, se rechazó la posibilidad de incrementar la representación del Grupo Mixto en detrimento del Grupo Popular, por considerar que esta solución no sería proporcional al número de miembros de cada grupo municipal.

No es coherente que el grupo popular sin contar con la mayoría absoluta en el pleno municipal y con un número de miembros igual al que suman el grupo socialista y grupo mixto, disponga de mayoría absoluta de miembros en las Comisiones Informativas permanentes.

Aun perdendo un miembro el Grupo Popular en las comisiones informativas de asuntos Generales y Cuentas seguiría disponiendo de mayoría por el voto de calidad del alcalde.

Con el objeto de acomodarse a una mayor proporcionalidad y mejor representación los miembros y grupos políticos de la Corporación municipal, se propone al Pleno de la Corporación, respecto a la composición de las Comisiones Informativas Permanentes, la adopción del siguiente, ACUERDO:

**ÚNICO:** Reducir el número actual de miembros en las Comisiones Informativas permanentes y modificar su composición, de tal forma que Presididas por el alcalde, miembro nato, y en su ausencia por el Teniente de Alcalde, estarán integradas por 7 concejales distribuidos de la siguiente forma:

Comisiones de Asuntos Generales y Especial de Cuentas

Grupo Popular 3  
Grupo Socialista 3  
Grupo Mixto 1

Comisión de Urbanismo

Grupo Popular 2  
Grupo Socialista 3  
Grupo Mixto 1  
No adscrito 1

#### **Deliberación sobre a urxencia:**

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Considera que a proposta xa se pode entender que está informada pola Secretaría, porque xa se pronunciou sobre outra semellante.

*Sr. Alcalde- Presidente:* Na Comisión quedou pendente de informe a do voto ponderado, e non foi valorada. Pensa que podería ir a próxima Comisión.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* A do Sr. Fernández Comesaña parece que se presenta por se non prospera a do voto ponderado. Pensa que debe vir ao próximo pleno.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pode aprobarse esta, sen prexuízo de que despois se valore a do BNG.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O compromiso é decidilo no próximo pleno. Pide que se deixe para entón e que non se declare a urxencia.

**Votación e acordo relativo á urxencia.**- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7; PSOE e Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Vilas González, non adscrito.

Queda, polo tanto, rexeitada a declaración de urxencia ao non obtense maioría suficiente para promóvela.

### **III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **III.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á:**

*III.1.1.- Subvencións para Servizos Sociais*

*III.1.2.- Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de modificación da composición da Xunta de Goberno Local e das Delegacións da Alcaldía*

*III.1.3.- Adhesión a Sección de Concellos con Intereses Turísticos*

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o ... 1 de marzo de 2014 e o ... de marzo de 2014, ambos incluídos.

En especial o pleno toma razón dos seguintes Decretos.

#### *III.1.1.- Subvencións para Servizos Sociais*

- Do 27 de marzo de 2014, que se transcribe:

#### **SUBVENCIÓNS PARA SERVIZOS SOCIAIS**

*Vista o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*

*Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:*

**PRIMEIRO.-** *Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 de 16 marzo, dunha subvención de 133.640,00 €, co seguinte detalle.*

- |                 |                 |
|-----------------|-----------------|
| - Persoal       | 30.026,00 euros |
| - Manteremento. | 600,00 euros    |

- Axuda no Fogar:	
Modalidade de prestación básica do Plan Concertado	0 euros.
Modalidade para persoas valoradas como dependentes	103.014,00 euros

Os programas de Axuda a Domicilio (dependencia) e gastos de persoal (dous traballadoras sociais) son prórroga, e a prestación de servizos continúa desenvolvéndose nas mesmas condicións do ano anterior.

**SEGUNDO.-** Compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2014 na cantía de 218.003,94 €, que supón unha porcentaxe do 62,08 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

**TERCEIRO:** Dar conta ao Pleno.

---

**III 1.2.-** Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de modificación de composición da Xunta de Goberno Local e das Delegacións de Alcaldía

- Do 28 de marzo de 2014 (dous), que se transcriben:

#### **MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**Expediente:** Organización Municipal  
**Número:** 2011/0255

A toma de posesión como Concelleiro de D. José Antonio Vidal Meneses en substitución, por renuncia, de D. José Álvarez Valverde, quen previamente cesara como membro da Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de Alcaldía de 24 de febreiro de 2014, leva a modificar a composición do referido órgano municipal

En consecuencia esta Alcaldía, de conformidade coas atribucións que lle outorga o art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986,

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como membro da Xunta de Goberno Local a D. José Antonio Vidal Meneses, de modo que a Xunta de Goberno Local queda integrada, ademais de polo Alcalde-Presidente, polos cinco Concelleiros/as que a continuación se indican:

D. Alberto García Pazos  
D.ª M.ª Carmen Alonso Mactas Jorrete  
D.ª M.ª José Pino Fernández  
D. Antonio Souto Martínez  
D. José Antonio Vidal Meneses

**SEGUNDO.-** A presente Resolución producirá efectos a partir desta data e darase conta dela ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, ás persoas interesadas. Tales modificacións publicaranse no boletín oficial da provincia, conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

## MODIFICACIÓN DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

**Expediente:** Organización Municipal  
**Número:** 2011/0255

Na sesión plenaria de 27 de marzo de 2014 tomou posesión como Concelleiro de **D. José Antonio Vidal Meneses** en substitución, por renuncia, de **D. José Álvarez Valverde**, quen previamente cesara como Concelleiro Delegado de Vías e Obras, Servizos Urbanos e Relacións Vecinais en virtude do Decreto de Alcaldía de 24 de febreiro de 2014.

En consecuencia, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,  
**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Modificar as delegacións especiais da Alcaldía, outorgando a que a continuación se indica:

**1.1.- Servizo: MEDIO AMBIENTE**

- Concelleiro-Delegado: José Antonio Vidal Meneses

- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

-Protección do medio ambiente.

**SEGUNDO:** Manter sen cambios as delegacións especiais da Alcaldía que a continuación se indican, das que seguirán sendo titulares os Concelleiros e Concelleiras que se relacionan:

**2.1. Servizo: ECONOMÍA, FACENDA E PERSOAL.**

- Concelleiro-Delegado: D. Alberto García Pazos.

- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

-As previstas na legislación reguladora das Facendas Locais.

-Persoal ao servizo do Concello.

**2.2. Servizo: CONTRATACIÓN.**

- Concelleiro-Delegado: D. Antonio Souto Martínez

- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

-As reguladas na legislación de contratos das Administracións Públicas

**2.3. Servizo: BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E EDUCACIÓN.**

- Concelleira-Delegada: D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso-Macias Jorrelc

- **Ámbito e facultades.** A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que

corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Prestación dos servizos sociais e de reinserción social.
- Protección da salubridade pública, atención primaria de saúde.
- Cemiterios.
- Cooperación e relacións coa Administración educativa, no marco das competencias municipais.

#### 2.4. Servizo: **PROMOCIÓN EMPRESARIAL, EMPREGO E COMERCIO.**

- Concelleira-Delegada: D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez
- *Ámbito e facultades.* A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Promoción das actividades empresariais.
- Promoción do emprego.
- Promoción das actividades comerciais.

#### 2.5. Servizo: **PATRIMONIO, IGUALDADE E XUVENTUDE.**

- Concelleira-Delegada: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández.
- *Ámbito e facultades.* A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Patrimonio municipal.
- Promoción de muller
- Actividades xuvenís e de ocupación do tempo libre.

#### 2.6. Servizo: **TURISMO, CULTURA E DEPORTE.**

- Concelleira-Delegada: D.<sup>a</sup> Liliána Silva Pequeno.
- *Ámbito e facultades.* A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Promoción turística do municipio.
- Actividades e instalacións culturais.
- Actividades e instalacións deportivas.

**TERCEIRO.-** Determinar que a nova delegación produza efecto a partir da data deses Decreto, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da provincia e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre

—

#### III.1.3.- Adhesión á Sección de Concellos con Intereses Turísticos

- Do 14 de abril de 2014, que se transcribe:

## SECCION DE CONCELLOS CON INTERESES TURISTICOS

Expte. 2014000768Sv

Visto o oficio da Federación Galega de Municipios e Provincias, Fegamp, comunicando a creación dunha Sección de Concellos con intereses Turísticos para a defensa dos intereses dos Concellos adheridos.

O Consello da Xunta de Galicia mediante acordo de data de 22 de xullo de 2004 declarou municipio turístico galego ó concello de Nigrán, publicado en Diario oficial de Galicia de 24 de agosto de 2004.

Esta Alcaldía-Presidencia, Resolve:

Primeiro.- Adherirse á Sección de Concellos con Intereses Turísticos, na subsección de municipios declarados de interese turístico, creada na Federación Galega de Municipios e Provincias.

Segundo. - remitir certificado da presente resolución a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Tercero.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

---

### III.2.- PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2015/2017

Dase conta do Decreto da Alcaldía Presidencia do 28 de marzo de 2014, así como dos listados anexos ao mesmo e da acreditación da sinatura e envío destes, que se transcribe.

*Dependencia:* Intervención Xeral;

*Asunto:* Plans orzamentarios a medio prazo 2015/2017 do Concello de Nigrán.

*Cumprindo co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*

*Tendo en conta o indicado na normativa citada, e aos efectos de remitir, por medios electrónicos (até o día 31.03.14) os plans orzamentarios a medio prazo 2015/2017 (que inclúe tamén, datos referidos ao ano 2014) ao través da Oficina virtual para la coordinación financiera con las entidades locales do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP), esta Alcaldía, partindo de criterios de prudencia, e tendo en conta a incidencia de decisións legais actuais (así como de futuras) que afectan ou que poidan afectar tanto ao marco competencial municipal como a diversos gastos e ingresos municipais, e que son actualmente de imposible ou difícil estimación e cálculo orzamentario, establece os seguintes criterios para a elaboración dos plans orzamentarios a medio prazo 2015/2017 (segundo, basicamente o indicado nun decreto da Alcaldía, do día 30.09.13, referido aos marcos orzamentarios 2013/2016).*

**a) Ingresos.**

- Capítulo 1 ("Ingresos directos")



Para o cálculo das previsións de dereitos recoñecidos netos do imposto sobre bens inmobles (IBI) dos anos 2014 e 2015 tomaranse os datos das (prudentes) previsións do proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014 (4.104.197,94 euros) que son inferiores ao padrón do citado imposto no ano 2013 (4.286.339,54 euros).

Para o cálculo das previsións de dereitos recoñecidos netos do IBI dos anos 2016 e 2017 tomaranse os datos das previsións dos anos 2014 e 2015 incrementados nun 0,50% anual para cada un dos anos citados.

Para o cálculo das previsións de dereitos recoñecidos netos do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2014 tomaranse os datos das (prudentes) previsións do proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014 (824.000,00 euros) que son inferiores ao padrón do citado imposto no ano 2013 (896.157,70 euros); previsións que para os anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, incrementaranse anualmente nunha porcentaxe do 0,12%.

Para o cálculo das previsións de dereitos recoñecidos netos do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana dos anos 2014 e 2015 tomaranse os datos das (prudentes) previsións do proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014 (46.000,60 euros) que son inferiores aos dereitos recoñecidos e liquidados no ano 2013 (52.039,47 euros), previsións que para os anos 2016 e 2017, incrementaranse anualmente nunhas porcentaxes do 2,17% e do 2,13% respectivamente.

• **Capítulo 2 ("Impostos indirectos):**

Para o cálculo das previsións de dereitos recoñecidos netos do imposto sobre construcións, instalación e obras do ano 2014 tomaranse os datos das (prudentes) previsións do proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014 (220.000,00 euros); previsións que para os anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, incrementaranse anualmente nunha porcentaxe do 0,45%.

• **Capítulo 3 ("Taxas e outros ingresos):**

Para o cálculo das previsións de dereitos recoñecidos netos no ano 2014 das taxas, prezos públicos e outros ingresos no ano 2014, tomaranse os mesmos datos dos dereitos recoñecidos netos no ano 2013 (3.356.596,03 euros), previsións que para os anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, incrementaranse anualmente nunha porcentaxe do 0,15%.

• **Capítulo 4 ("Transferencias correntes):**

Para os anos 2014 e 2015 estímase o importe dos dereitos recoñecidos en concepto de Participación nos ingresos do Estado (PIE) en 2.930.398,68 euros (importe igual ao da suma das entregas a conta ao Concello de Nigrán previstas para o ano 2014); e o resto das transferencias correntes en 800.514,44 euros. Para os anos 2016 e 2017, ambos inclusive, incrementaranse as contías citadas nunha porcentaxe anual do 0,15%.

• **Capítulo 5 ("Ingresos patrimoniais):**

Estímase para os anos 2015 ao 2017 ambos inclusive, uns dereitos recoñecidos netos anuais de 64.175,00 euros (importe igual ao das prudentes previsións de ingresos no citado capítulo no proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014).

• **Capítulo 7 ("Transferencias de capitais):**

*No ano 2014 estimanse en 132.580,14 euros as previsións de dereitos recoñecidos en concepto de transferencias de capital, correspondentes á suma das dúas subvencións plurianuais en vigor da Xunta de Galicia; previsións que nos anos 2015 e 2016 serán de 36.714,39 euros correspondentes ás dúas últimas anualidades da subvención do PXOM*

- **Capítulo 8 ("Activos financeiros"):**

*Para os anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, efectuaranse unhas previsións anuais de dereitos recoñecidos netos por importe de 25.000,00 euros anuais (importe igual ás previsións anuais de obrigas recoñecidas netas no mesmo período no capítulo 8 do estado de gastos)*

- **Capítulo 9 ("Pasivos financeiros"):**

*Non se establecerán previsións de ingresos por pasivos financeiros no período 2014/2017.*

**b) Gastos.**

- **Capítulo 1 ("Gastos de persoal"):**

*Para o ano 2014 estimanse unhas obrigacións recoñecidas en gastos de persoal de 3.800.000,00 euros; previsións que serán incrementadas nos anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, nunha porcentaxe do 0,50% anual sobre o ano inmediato anterior.*

- **Capítulo 2 ("Gastos en bens correntes e servizos"):**

*Para o ano 2014 estimanse unhas previsións de obrigas recoñecidas netas de 7.188.713,77 euros (importe igual ao das previsións de gastos no citado capítulo no proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014; previsións que serán incrementadas nos anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, nunha porcentaxe do 2,00% sobre o ano inmediato anterior.*

- **Capítulo 3 ("Gastos financeiros"):**

*Tomaranse, para cada un dos anos 2014 ao 2017, ambos inclusive, os datos dos cedros de amortización dos préstamos vivos*

- **Capítulo 4 ("Transferencias correntes"):**

*Para os anos 2014 ao 2017, ambos inclusive, tomaranse os datos estimados das previsións iniciais de gastos no capítulo 4 do proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2014 (376.850,00 euros).*

- **Capítulo 6 ("Investimentos reais"):**

*Para o ano 2014 tómanse os datos das previsións do proxecto de orzamento xeral do Concello de Nigrán para os investimentos reais (716.149,01 euros), previsións que para os anos 2015 ao 2017, ambos inclusive, diminuíranse nas seguintes porcentaxes anuais: 16,22% en 2015; 16,67 en 2016, e 20,00% en 2017.*

- **Capítulo 7 ("Transferencias de capital"):**

*Non se efectuarán previsións de obrigas recoñecidas netas neste capítulo para os anos 2014 ao 2017 ambos inclusive*

**- Capítulo 8 ("Activos financeiros"):**

*Para os anos 2014 ao 2017, ambos inclusive, efectuaranse unhas previsións anuais de obrigas recoñecidas netas por importe de 25 000,00 euros (importe igual ás previsións anuais de dereitos recoñecidos netos no mesmo período no capítulo 8 do estado de ingresos).*

**- Capítulo 9 ("Pasivos financeiros"):**

*Tomaranse, para cada un dos anos 2014 ao 2017, ambos inclusive, os datos dos cadros de amortización dos préstamos vivos.*

**c) Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento.**

*Sobre o seño de operacións non financeiras (de cada un dos anos 2014 ao 2017, ambos inclusive) efectuaranse o axuste por grado de recadación dos capítulos 1, 2 e 3 dos estados de ingresos (a partir dos datos de liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2012, última aprobada).*

**d) Débeda viva.**

*Tomaranse os datos indicados nos cadros de amortización de todos os préstamos a longo prazo, para os anos 2014 ao 2017, ambos inclusive (sen previsión de novos préstamos a longo prazo nos anos indicados).*

**e) Listados anexos.**

*Como anexo a este decreto untranse os listados cos datos resultantes do indicado nos apartados anteriores para os plans orzamentarios do Concello de Nigrán para os anos 2014 ao 2017 ambos inclusive, que deberán ser asinados polo Interventor Xeral neste Concello e enviados ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP) ao través da Oficina virtual para la coordinación financiera con las entidades locales do citado Ministerio, antes do día 1.04.14.*

**f) Dar conta ao Pleno.**

*Deste decreto, dos listados anexos ao mesmo, e da acreditación de sinatura e envío destes, darase conta ao Concello Pleno na próxima sesión ordinaria que se convoque a partir desta data*

\*\*\*

### III.3.- ROGOS E PREGUNTAS

**1. D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:**

**1.1. O camiño do Cabalo, que está detrás do campo de fútbol de praia América.**

continúa ocupado con pedras. Simplemente, que se siga insistindo para retiralas do camiño.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, retirounas pero parcialmente, insistiremos en que as retire, porque xa é unha cuestión persoal.

1.2. Xa non pregunto polas miñas peticións, pasadas polo Rexistro, dos temas relacionados coa Praza da Carrasca. Neste último mes non pedin ningunha. Ante o silencio administrativo que teño, non sei se o retomarei, pero rogaría que cando se fai unha petición por parte dalgún concelleiro, se pode ser que se lle faga caso, porque eu penso que quedou clara, e se non se entrega penso que é porque non se quere.

*Sr. Alcalde Presidente:* Vólvoche dicir o mesmo. Hai un escrito que che mandou o técnico de Xestión, que non o trouxen a este Pleno, no que el di todo o que considera. Non entende o que lle solicitas. El ten orden de que o que se lle solicite se entregue, e nese escrito que se che enviou parece ser que nas primeiras peticións acláranse todas estas circunstancias. Eu non sei se sentarme con vós dous e aclarades as vosas diferenzas, pero desde logo me di que o que está dispoñible xa está á túa disposición. A copia dos expedientes que solicitas, creo que ningún caso o que che di é que os expedientes están requisados pola policía xudicial e que os ten a Xulz. El xa ten a orden de facilitar todo.

1.3. En canto ao orzamento. Ao Partido Socialista se nos deu unha proposta: "Achegamos proposta ao partido socialista de cara as negociacións para a aprobación de un orzamento cara o 2014, estamos a súa disposición para falar da mesma, ou das consideracións que vos tedes crean oportunas e conseguír aprobalo o orzamento de xeito consensuado". Logo, o partido popular, nunha nota de prensa, incluído nos insulta, dicindo ao final que a proposta socialista é o exemplo da xestión do PSOE dos últimos anos, gastar máis do que se lon, arruinar a este Concello. Creo que está fóra de lugar. Eu non sei en que estado está o orzamento, se vamos a negociar algo, se vamos falar algo ou se vamos a chegar aquí e o que se nos presente, aprobalo ou rexetalo. Non sei se a proposta nosa era espantosa. Probablemente o sería, parece ser, pero a min gustárame que non chegara o orzamento aquí, sen que os que vamos a decidir, que somos todos os que estamos aquí, puidéramos polo menos falalo, porque cabe a posibilidade de que non saia aprobado. E creo que iso é unha pena para Nigrán. Polo tanto, eu rompo esta proposta e se queredes falamos, e se preferides traelo doutra maneira pois traédeo como queirades.

*Sr. Alcalde-Presidente:* En ese guiño político, eu estaría encantado de volver a retomar aquel acordo PP-PSOE, cando o PP era oposición, que lle deu o seu apoio ós orzamentos e, entre eles, ao plan de saneamento e á cuestión do Piar Xeral. Eu estou disposto incluso a reeditar o pacto de Vigo PP-PSOE, pero a ver se negociamos, cando haxa vontade de facelo, porque nunha negociación cando se establecen unha serie de criterios que son innegociables e que vostedes saben que hai cousas que non podemos aceptar. Hai tres ou catro puntos que inician a súa proposta, que son innegociables, que se vostede abre tamén a posibilidade de negociar isto tamén, pois negociaremos o conxunto antes de que veña aquí. A idea é que veña nas próximas semanas.



*D. Alberto García Pazos; Concelleiro delegado:* Como Juan e eu xa nos coñecemos desde fai tempo e xa estivemos xuntos noutras negociacións, estranounme moito cando fomos a ter a derradeira reunión, que dixeras que ou viñas li ou mandabas a alguén a reunión. Nós sabemos que os temas económicos os levas ti. Estranounme que non asistira ninguén a reunión. A proposta reclameicha varias veces e fixéchela ao final de todo. Cando se negocian uns orzamentos, ti sabes que hai unha partida de ingresos, que ven marcada directamente de Tesourería e conta coas subvencións, transferencias correntes que fan outras Administracións, que veñen taxadas e coas contías que ingresa o Concello de taxas e impostos que veñen dadas. Ou sexa, a entrada é fixa. Podemos discutir os gastos, pero cadrando porque non podemos cadrar os ingresos cara arriba ou cara abaixo. Iso vai depender do que nos dean outras Administracións, e o que ingresamos con impostos e taxas que temos vixentes. É como a que lixo Antonio (UCN) de transferencias doutras Administracións. Iso co orzamento municipal ten pouco que ver. Eu non podo consignar unha contía en función de se outra Administración me aporta ou non unha parte. E comprometer unha inversión municipal a iso. Non teño problema en voltar a negociar pero ten que ser unha proposta cuadrable, unha cousa que poida ser informada, porque tamén sabedes que o orzamento está sometido tamén a unha avaliación dunha regra de gasto e dun equilibrio orzamentario. Tampouco se poden modificar as cuestións de persoal, mais que as que a Lei permita e marque sen mover a masa orzamentaria. Pero analizar unha cousa que é incuadrable, é difícil. Se o orzamento se fai con desfase de partidas teño que entender que non queres chegar a un acordo.

*Sr. Alcalde- Presidente:* A cuestión é sinxela. Coñecedes que iso nace dun primeiro plantexamento que fai o departamento de Tesourería e Intervención que nos dá os ingresos previstos e a partir de aí, faise a elaboración do orzamento, de que partidas de gastos se destinan. Falemos agora en que o gastamos e ese é o plantexamento, se me decides que temos que gastar trescentos ou quifientos mil por encima dos ingresos que temos eu teño que dicir que non podemos. ¿Podemos inflar as partidas de ingresos? Agora xa non, porque agora hai un control maior, pero aquí fixéronse orzamentos de vinte e pico millóns de euros, que reais non eran nin quince. Eu, se hai negociación, perfecto. Pero se por un lado se poñen tres ou catro condicionantes innegociables e por outro lado a proposta que se me fai é de descadrar o orzamento e polo tanto habilitar partidas de inversión e de gasto por encima dos ingresos, non sei onde está a vontade de negociar. Se é real, benvida sexa.

*Sr. González Pérez:* Eu fixen a pregunta e vostedes respostaron cun debate novo. Non vou entrar en debate. A pregunta está feita. Se vostedes queren facelo, ben, e se non queren facelo é unha decisión do que goberna.

1.4. Sobre o estado do Plan Xeral, saber se hai algunha novidade.

*Sr. Alcalde Presidente:* De momento non, pero cando a haxa, o primeiro que farei será convocar a Comisión de Urbanismo ou ós Portavoces para comunicar as novidades. Hai unha situación real da empresa e polo tanto da UTE que hai que seguramente resolver, pero oficialmente e na práctica de momento non hai moito mais.

1.5. Nos Premios Nigrán, agora que seiron, non sei quen falou deles. ¿Non tiña que ser a Corporación quen tiña que votalos?

*Sr. Alcalde Presidente:* Non, no regulamento, se da conta.

*Sr. González Pérez:* Vale, como nos anteriores fora a corporación... Os que estivemos na comisión xa tivemos tempo de dicir o que pensabamos, e se non o dixemos foi porque non quixemos. Só unha cousa que dixó Xavier no pleno do ano pasado de que non lle gusta figurar en ningún sitio. Ao mellor pensades que a min me gusta figurar mais, pero Xavier realmente se o di é porque é así. A min gustaríame, se pode ser, xa que quen vota nos plenos de Nigrán é a corporación de Nigrán, a distribución no salón de actos ou auditorio, que non se poña na última fila e que diante estean todos os concelleiros do PP de Baiona e Gondomar. Como tamén o outro día nos actos do autismo a unha concelleira do PP de Vigo, que non sei que facía en primeira liña... "e grazias a concelleira do PP de Vigo por estar aquí". E nós todos atrás sen sitio. Paréceme que "todo vai ben", pero o protocolo non vai moi ben.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trasladáremolo ao organizador.

1.6. Non vou entrar na Operación Patos, pero só unha cousa que saíu na prensa, un comunicado do Partido Popular. Sala onte e a min me estranou moito, e ao mellor Antonio Fernández enfádase comigo se pregunto isto, pero di: O rexedor municipal recomenda a Comesaña que non fale en exceso da Operación Patos, o procedemento encontráso nun estado embrionario e aínda poden pasar moitas cousas. ¿Que pode pasar?

*Sr. Alcalde Presidente:* De todo. Pode pasar de todo.

*Sr. González Pérez:* Quero dicir se hai algunha novidade tan transcendente como para avisarlle a Antonio, que teña coidado co que di.

*Sr. Alcalde Presidente:* É que el facía referencia a que se eu estaba perdido ou asustado co tema da Operación Patos, e digo non falemos da Operación Patos que poden pasar moitas cousas. A única novidade é que hai un mes mais de secreto de sumario.

*Sr. Fernández Comesaña:* Que vostede estea nervioso pode ser por moitas razóns. Se mira fantasmas eu non teño a culpa. Está ben a aclaración e moi atinado o portavoz do PSOE.

## 2. D. Manuel Doldán Costas, do grupo socialista:

2.1. Está de acordo ca inversión que se vai facer en tema de baixarrúas, e como rogo, querla que unha zona como é Area Alta, que ten no final da Rúa do Mariñeiro unhas columnas, todo polo medio do vial, e en moitas zonas de Nigrán, que son de risco para a seguridade, pois que nalgunha partida que se contemple a retirada dos vias públicos, a parte proporcional que haxe que dar a FENOSA.



*Sr. Alcalde-Presidente:* Na que hai na zona do Sancho estamos en negociación, e seguramente se saque, e outra un pouco máis adiante espero que tamén. Chegou o orzamento para baixar as liñas e sacar os postes de San Roque e posiblemente se acometa toda esa actuación en toda a estrada, porque houbo sobranza da actuación.

2.2. *¿Vostede vai a continuar nesa teima de non respetar o acordo plenario e o aparcamento de Panxón?*

*Sr. Alcalde-Presidente:* O aparcamento de Panxón haino agora

*Sr. Doidán Costas:* ¿O aparcamento que realizaron vai a seguir así, non se vai cambiar non se vai a facer dobre sentido?

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿Vaimo a preguntar lódolos días?

*Sr. Doidán Costas:* Mentres estea eu na Oposición, É unha cousa que partiu do movemento veciñal. Os acordos non se foron no Pleno decididos por todos, de que tiñan que cambiarse, senón tamén nunha asemblea dos veciños de Panxón, que o que non está integrado nela é porque non quere ou porque non lle interesa. E vostede segue na mesma liña. De verdade, se vostede non respecta todo iso se me fai ata difícil respectalo, porque se vostede non respecta un acordo plenario e vostede non respecta unha decisión dos veciños, que polo menos puido estudala e analizala con eles...

*Sr. Alcalde-Presidente:* Paréceme respectable. Eu tampouco estou de acordo con outras cuestións que vostede puido ou pode facer, pero de aí a que eu lle falte o respecto, ou non o respecta, hai un largo treito. Eu a vostede o respectarei sempre, pero se vostede non me quere respectar é a súa vontade. Dende logo un acordo asambleario dunha asociación de veciños non vincula neste caso a un Alcalde. Hai unha decisión que é política, mellorable en moitos aspectos, como xa lle dixen noutro momento. Pero creo que os beneficios que lle repercuten, sobre todo á parroquia de Panxón, son maiores que os prexuízos.

*Sr. Doidán Costas:* Ese rogo que lle fago é porque hai persoas maiores con dificultade para desprazarse, e cambiaron o trazado do transporte público e teñen que seguir desprazándose á parte alta de Panxón, para chegar á subida de Monteferro, aos Quijotes. Se vostede segue nunha loita que cre que pode levar para diante, eu sigo noutra contraria e diferente a súa. Eu o respecto, pero non o comparto.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu non tolo contra ninguén, eu loito a favor de todos e espero que a decisión sexa máis beneficiosa para a maioría. E neste caso pode haber xente que estea en contra e outra xente que estea de acordo con esta decisión.

*Sr. Doidán Costas:* Algúns privilexiados, pero non os que necesitan o transporte público por deficiencias que teñen para trasladarse a recollelo. Vostede non ten sensibilidade, é so está defendendo certos intereses dalgunhas urbanizacións que ten Panxón co seu presidente, etc. Eu non teño inconveniente en estar ao lado do máis necesitado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Politicamente somos polos totalmente opostos, Iso é evidente. Pensei que como persoas podíamos falar. Vostede dixo aquí que se eu non adopto esa posición non me respectará. Eu lle digo; eu a vostede respectáramos.

*Sr. Duldán Costas:* Eu digo que se vostede non respecta as decisións dos veciños e un acordo plenario fáiseme difícil ter que respectalo a vostede nesas decisións.

### 3. D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:

Aproximadamente sobre o 14 de abril, salron publicadas unhas subvencións da Xunta de Galicia da posta en marcha ou mantemento de servizos de normalización lingüística ou realización de actividades de dinamización lingüística. Eu quería saber se optaron a esta subvención ou se pensan optar a esta convocatoria.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non optamos e a teño encima da mesa para poder optar a ela. Non sei se estamos en prazo, pero evidentemente tampouco hai partida.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Se vo que non lles interesou moito, pero entón eu reconverto a pregunta en rogo e digo que non estaría mal que optasen, para equiparar así Nigrán con outros Concellos que contan cos servizos de normalización lingüística. Estaría moi ben crear o servizo de normalización lingüística. Esta subvención é tan interesante como que subvenciona a contratación dun técnico, que é algo moi interesante e do que Nigrán carece. Por tanto lle rogo que o estuden con atención e que participen na convocatoria da subvención.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa sei que é interesante, pero as necesidades e carencias se falamos de técnicos en distintos departamentos.... O problema está orzamentariamente.

### 4. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto

4.1. No pleno do mes de xaneiro formuleille un rogo para a colocación dunha rexíña nunha arqueta situada no camiño do Real, esquina con camiño Devesa. O entón concelleiro de Vías e Obras manifestou que estaba no almacén facía algún tempo. ¿A que espera a colocala, se esta feita; ou se espera que haxa un accidente, porque está nunha zona con perigo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Como comprenderá, non espero a que haxa ningún accidente. Vexei se está na nave, comprobárono e se está ten que ir ao camiño.

4.2. ¿En que situación se encontran as relacións institucionais entre o Concello e a Cofradía? ¿Existe comunicación entre o Alcalde e o Patrón Maior? E se o problema xa coñecido, de diversos desencuentros, se solucionou. E se sabe vostede por que a poxa de pescado na praza aínda non se levou a cabo; se hai ou non comunicación entre vostedes.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Problemas cos marxeiros non hai ningún. Teñen o uso da praza.





Se non fan a poxa, entendo que non serei eu o que teña que poñer o peixe. Supoño que serán eles os que teñan que decidir a posta en marcha da poxa ou non. Non depende de nós. Non esta parado por nós. Non está condicionada por nós nada desa decisión. Á parte, eu llo dixen á cofradía en diversas ocasións, que ogallá se puidese poñer en marcha a lonxa, a praza e todo. A min encantárame poderla ter en funcionamento. Lamentablemente nestes momentos está sen practicamente uso. É unha pena, que unha instalación onde está e como está, que poida ser utilizable perfectamente, non darlle actividade e a súa actividade orixinala. E se houberse lonxa, eu encantadísimo de recuperar un mercado tradicional, e sobre todo servir aos restaurantes e veciños da zona con peixe capturado polos nosos mariñeiros. Non serei eu o que poña impedimento. Que haxa vontade por parte da cofradía, xa non o sei. Lamentablemente o dudo.

*Sr. Fernández Comesaña:* É certo que vostede non pode poñer o peixe pero digo se as relacións institucionais como tales existen, se hai comunicación fluida, porque se anunciara no seu día a inminente posta en marcha diso e despois xurdiron conflitos con motivo dunha cámara o parece ser que as relacións se enfriaron. Non sei se neste momento se retomaron, se hai diálogo entre vostedes ou non.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A instalación municipal está á súa disposición. Nunca se lles puxo ningunha dificultade, nin nunca se lles parará. Dende logo a cofradía xa podía, despois de tantos anos, poñer ali polo menos unha poxa de vez en cando.

*Sr. Fernández Comesaña:* Só quería saber que non hai ningún motivo persoal, nin de enfrontamento, para que iso non sexa posible. Vostede acaba de dicir que non pasa nada e eu me alegro moito.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu non teño ningún problema a título persoal, ningún inconveniente con ninguén. Se alguén o ten comigo non o sei.

4.3. Recientemente vostede anunciou que o Centro da Terceira Idade de Ramallosa, estaría en funcionamento a principios de abril, despois das obras de remodelación polo adxudicatario. ¿A que se debe a demora? ¿Xa dispón da preceptiva licenza de actividade, de apertura pública?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se non me falla a memoria o prazo de apertura ou de obrigado cumprimento era o 9 de maio, polo tanto non hai demora. A data que eu dixera aquí debíase a que os concesionarios comentáranme que tiñan previsto abrir un mes antes. Pero vai estar todo en prazo e se vislumbra un bo futuro para esa instalación pública municipal.

*Sr. Fernández Comesaña:* A pregunta é se dispón de licenza de actividade.

*Sr. Alcalde-Presidente:* De momento, non.

4.4. ¿En que situación se encontran os expedientes de contratación de limpeza para centros escolares e edificios públicos recentemente iniciados? ¿Procedeuse á adxudicación?

e, de ser así, que empresa ou empresas foron as gañadoras? ¿Que vai a pasar co persoal que actualmente está traballando, de non ser a actual empresa a adxudicataria? ¿Subrogáranse o persoal dacordo co artigo 17 do convenio colectivo, a pesar de que no prego de condicións non impón ao adxudicatario ningunha obrigaón contractual referente a subrogación do persoal?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sabe vostede que o servizo de limpeza de edificios públicos e colexios estaba nunha situación polo menos preocupante. Xa lle expliquei aquí que fai un ano empezouse un procedemento para inventariar todos os edificios, todos os colexios, dimensións... e a facer un prego técnico para sacar o concurso de limpeza por un lado, de instalacións municipais e, por outro, de colexios. Mañá teño a firma dos contratos, porque o procedemento xa finalizou. Presentáronse creio que cinco por un lado e cinco por outro. As empresas adxudicatarias foron FARO e CIES, que presentaron os mellores prezos. En referencia ao persoal, di que non aparecía nos pregos o tema da subrogación. A subrogación de persoal, neste tipo de contratos, non se basea na lei de contratos, senón nun convenio empresarial, que é o que a empresa concesionaria ten que respectar. Nós non lle vamos a obrigar no prego a facer esa subrogación. Así se lle contestou a varios escritos que distintas empresas que nos falaban desta cuestión. Non o vamos a meter dentro dun prego de contratación dun servizo, porque é así como debe ser.

*Sr. Fernández Comesaña:* O persoal pode estar tranquilo, porque en todo caso a subrogación é automática, en virtude do convenio colectivo do sector.

4.5.- O pasado 6 de marzo tivo entrada nas dependencias municipais o proxecto básico de execución do centro de saúde de Panxón por un prazo de execución de 15 meses. Parece non contemplar prazas de aparcamento, tanto en superficie como en baixo rasante. ¿Esta disposto a conceder licenzia a pesar de que vostede prometeu en varias ocasións, que se o proxecto non contemplaba prazas de aparcamento, como sucedía no anterior, non o faría? ¿Como xustifica que a estas alturas se estea incumprindo un acordo plenario de actualización de prazos do 30 de marzo de 2011; o anterior era do 29-10-2008, no que se establecía un de tres anos para o inicio e remate das obras, respectivamente, e que como moi pronto non será ata o ano 2016?

*Sr. Alcalde-Presidente:* En relación á licenzia, estaba no departamento de urbanismo pendente de informe do arquitecto municipal. Creio que xa o finalizou. Non sei se xa o firmou. E vaise dar traslado á Consellería en relación a esta licenzia da inexistencia de prazas de aparcamento, que non están obrigados a poñelas, pero se lle vai a remitir informe do arquitecto que fai consideracións neste aspecto.

*Sr. Fernández Comesaña:* Entón, en principio mantén a palabra.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu en principio farei a forza posible, como para que se poida resolver este problema e que no verán, sobre todo, non se xenere un problema a maiores. Despois veremos en que situación estamos e como hai que tomar a decisión. Evidentemente, hai un tema importante dunha estrutura sanitaria. É un tema loxístico, teremos que chegar a un acordo.

*Sr. Fernández Comesaña:* Estaba na licitación, non sei se o problema está resolto ou non?

*Sr. Alcalde Presidente:* Non, creo que non.

4.6. O pasado día 10 de marzo procedeu á devolución dun aval constituído no seu día pola empresa GESECO, adxudicataria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, formalizado con garantía definitiva para responder das obrigas do contrato. Dado que o pasado 30 de xuño de 2013 finalizou o seu contrato ¿pode informarme se fixo algunha entrega de útiles, ferramentas ou maquinaria a favor do Concello? E de ser así, ¿existe un inventario do recibido, e nos pode facilitar copia?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Descoñezoo, pero entendo que se devolveu a fianza cos informes correspondentes. Descoñezo se houbo ou non entrega de material e se, previamente, se lles cedera algún tipo de material.

*Sr. Fernández Comesaña:* En principio terían que ter algo, cortacésped. Supoño que viña previsto no prego do contrato. Gustaríame que me aclarara esta cuestión.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O material que está agora ó da empresa.

*Sr. Fernández Comesaña:* Noutros casos leva implícito a adquisición, tamén a concesión, de maquinaria de mantemento

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pero que non repercute para o Concello. Este prego é anterior a nós pero creo que en ningún caso se daba isto.

4.7. ¿ Existe confirmación do cumprimento do acordo plenano por parte da Xefatura de Costas para a reparación de danos no paseo de Panxón, especialmente referido ao prazo de finalización das obras, así como ao seu acabado en pedra natural? ¿Está confirmado?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sobre o prazo, non teño noticia en contra. A próxima semana trataremos deste asunto. Do acabado en pedra neste momento hai dificultades orzamentarias. O incremento é unha das cuestións que temos que falar con eles, que é algo mais de cento e pico mil euros. Teñen un pequeno problema orzamentario para facer ese remate. Pero falarei con eles a ver cal é a situación e o que se pode facer.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu creo que é unha oportunidade, porque é darlle continuidade a unhas obras que xa no seu día -vostede o pode utilizar como argumento- o Concello sufragou ao 100% a primeira fase da actuación, desde o porto ata a zona do "JR". Creo que o esforzo de costas non é descabellado.

4.8. No que se refira aos orzamentos, vostede tamén se refería á proposta que eu fixen. Eu asistín ás dúas reunións ás que me invitaron. Quedamos en facer propostas. Eu cumprín o compromiso, presentel unha proposta que lle pasei a secretaria para que llo entregase. Non tiver resposta. Independentemente de que podesa haber matices. Os orzamentos son obxectivos e os obxectivos poden vincularse, e se non se consegue o ingreso non se

materializa o gasto, é dicir, que non ten por que haber ningún tipo de desviación en canto ás previsións. Se non chega a subvención o gasto tampouco está, e non hai ningún desfase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Aquí temos informes do plan de saneamento que falaba de remanente de tesorería negativo, de descuadres e de cousas así.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Vostedes teñen vontade de consensuar?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Por suposto; e de feito verás que dentro do orzamento irán plantexamentos que facedes. Hai unha serie de cuestións que temos que resolver, que cando se resolvan daráselle traslado e poráse enba da mesa.

*Sr. Fernández Comesaña:* A proposta era aberta, non era nada pechado, nin plantei liñas vermellas de ningún tipo. Foi un plantexamento aberto no tema dos ingresos e no tema de gastos, pero que creo que merecería polo menos unha reflexión e polo menos un comentario.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O comentario chegará. O Concelleiro que está traballando niso.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Unha persoa coa túa formación económica debería estar acostumada a facer os orzamentos. A min me pides que cadre o círculo. Estásme a dicir agora que teño que comprometer inversións futuribles que se poden facer ou non e no mes de maio comprometélas, e chegar o mes de outubro e dicir non teño iso. E teño que vir ao pleno a facer unha modificación orzamentaria para cambiar a outra cousa. Hai montóns de cousas obxectivas, tanxibles que poderían facerse xa directamente. O que entra ou se gasta nunha cousa ou se gasta noutra. O normal é facer propostas: gaste de menos en isto, cambie para aquí, pero non lanzar unha batalla de propostas de inversións e de gastos que un non sabe por onde empezar. Sãeme un millón de euros mais de o que hai para ingresar

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos falando dun tema serio, incluso ese plantexamento en épocas pasadas podería terse en conta, pero condicionar inversións futuribles en base a ingresos futuribles, é, no meu humilde punto de vista, inflar un orzamento e facer un orzamento irreal. Temos trece millóns seicentos e pico mil euros de ingresos, pois poñamos nun papel trece millóns seicentos e pico mil euros de gastos. E o que poida vir, bendito sexa. Estamos nun punto de partida moi complicado.

*Sr. Fernández Comesaña:* Unha cousa é facer propostas que están abertas a discusión, que indubidablemente os orzamentos son obxectivos, e o tema de xestión entre outras administracións son obxectivos que realmente se marcan, claro é que, se non facemos ningunha xestión, pois evidentemente non o podemos conseguir. Hai vontade de diálogo, eu manifesteina sinceramente. Se queren falar falemos.

*Sr. García Pazos:* Unha das cousas que querías quitar era o programa informático. Tiven que pedirle opinión aos servizos económicos sobre a situación do sistema informático e como están as nóminas, a contabilidade. Sabes de sobra como están as cousas. Para negociar hai que partir dunha situación negociable

*Sr. Fernández Comesaña:* Se a miña proposta é innegociable e a que fai o PSOE tamén, pois será a que lle faga o BNG que pode ser aceptada. Perfecto, queda aclarado.

4.9. En relación cun escrito onde facía petición de revisar varios expedientes de urbanismo, que formulei o día 7 de abril, vostede me contesta o día 22, superado con creces o prazo establecido pola lei. Ponme un á disposición a partir do 8 de maio ás 12 da mañán, e outro ás 10, e na planta baixa do Concello. ¿Este é o procedemento que vostede quere seguir, para que os membros da corporación podamos facer uso do que nos atribúe a lei, de control e fiscalización do goberno?, incluso ignorando a oficina que temos en precario compartido, que vostede negase a pesar de que o compañeiro do BNG lle leva dito varias veces que a ver cando dispomos de local axeitado para que poidamos facer uso da nosa responsabilidade como Concelleiros. Vostede remíttase ás obras que están terminadas e seguimos igual. ¿Que pretende con isto Sr. Alcalde?

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿Vostede nalgún momento tivo dificultades para acceder? Bota máis tempo aquí que eu, fotocopiando libremente calquera tipo de documentación con calquera tipo de dato persoal ou non persoal. Neste caso, dous ou tres expedientes que pide, aconselláronme facelo así para que estivesen completamente á súa disposición. Pero vostede non quere iso. O único que lle falta é ler a chave do meu despacho.

*Sr. Fernández Comesaña:* Vostede está recominando o dereito que temos como concelleiros de exercer a labor de control e fiscalización do goberno. Parece que lle molesta. Será por iso que vostede se pon nervioso. É un mandato que a lei nos da, a facultade de poder controlar, como o fixo vostede antes cando estaba na oposición. Vostede está incumprindo a lei, contestando pasados os cinco días nos que ten que contestar e resolver motivadamente a petición. E me contesta un mes despois poñéndome a documentación aquí no patio. Se iso non é ninquenear, pois que vefía Dios e o diga.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Podés mirar o que queiras que eu non teño nada que ocultar. O que había era que sacar expedientes. Non se preocupe a información que vostede queira, darémoslla como queira e cando queira. Non se preocupe. Se quere rexeite esa solicitude.

*Sr. Fernández Comesaña:* Entonces déixaa sen efecto. ¿Podo utilizar en urbanismo a mesa que teñen alí dispoñible?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, por suposto.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, remalouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

